

VIERNES, 2 de febrero de 2007

REPORTAJE: DÚAS LINGUAS SEN FRONTEIRA | LUCES

## Traducir ou non traducir

Os autores galegos só son lidos en Portugal cando a súa obra se publica no idioma luso

XOSÉ MANUEL PEREIRO | 2 FEB 2007

Archivado en: [Traducciones](#) [Ortografía](#) [Comunidades autónomas](#) [Lingüística](#) [Portugal](#) [Europa occidental](#) [Administración autonómica](#) [Galicia](#) [Europa](#) [Lengua](#)  
[Literatura](#) [Administración pública](#) [España](#) [Cultura](#)

Hai unha ducia de anos, o escritor e xornalista portugués Fernando Assis Pacheco estrañábase de que a súa novela *Traballos e paixóns* de Benito Prada (Editorial Ir Indo, 1994) na que rememoraba as súas orixes ourensáns, fose editada aquí traducida ó galego. Agora, sen embargo, foi a propia Nélida Piñón a que insistiu en que primeiro *A república dos soños* (Galaxia, 2004) e logo *A casa da paixón* (2006) se publicasen traducidas. A teoría comunmente admitida sostén que un lector culto en galego non ten dificultades ningunha para ler en portugués, e viceversa, pero na práctica non sempre se cumpre. É máis, a proximidade parece que torna do interese e é unha escusa para o descoñecemento.

Un dos máis activos constructores de pontes entre as dúas culturas foi o libreiro Xesús Couceiro, que na década dos 70 e mediados dos 80 foi un activo difusor do libro galego en Portugal e o luso en Galicia, "con moita máis axuda alí que aquí", recorda. "Daquela había moito descoñecemento mutuo, pero tamén moita máis ilusión por coñecer", compara Couceiro, defensor de sempre de que é escusado traducir de/para o galego ou o portugués, porque, argumenta, "é unha mesma lingua, incluso un mesmo país".

Un colega seu, Xaime Nogueira, responsable de Andel, unha difusora de libro galego e portugués está relativamente de acordo: "Quen le en galego podería ler en portugués, pero non o fai", sinala. Así e todo, estima que os libros portugueses son o 30% da súa facturación. "Algúns, atraídos por autores como José Saramago ou António Lobo Antunes, atrévense co idioma orixinal. Tamén teñen saída clásicos como *Eça de Queiroz*".

Na outra beira do Miño coinciden en lamentar o mutuo descoñecemento. "Non temos moita información de parte a parte. Dunha literatura rica e virtuosa como é a galego coñecese pouco máis que Rivas ou Ferrín", asegura Nelson de Mato, un dos máis prestixiosos editores de Portugal, fundador de *Publicações Dom Quixote* e agora responsable de *Âmbar-Ideias no Papel*. De Matos admite que o achegamento ortográfico do galego ó portugués podería facilitar a difusión da literatura galega nos mercados lusófonos "mais os pobos deben manter as súas culturas propias, e desmontar as conquistas que Galicia e a súa lingua teñen acadado non é un camiño certo", considera o editor que apostou por Saramago ou Lobo Antunes.

Desde unha posición máis alternativa, António Catarino, de *Deriva Editores*, coincide exactamente con De Matos ó definir as relacións transmiñotas. *Deriva* ten un considerable catálogo de autores galegos traducidos. Vén de publicar *Abrasivas*, de João Pedro Mésseder, en edición bilingüe galego-portuguesa, e está ó tanto das posturas que consideran innecesario traducir os galegos ó portugués, e non as comparte. "Son idiomas que estiveron moito tempo separados, e hai falsos amigos [palabras iguais con significados distintos] e os tempos verbais non son os mesmos", di Catarino. A tradución que publicou de Xurxo Borrazás, *Ser ou não*, "foi acedamente criticada por reintegracionistas que dicían que era unha versión do español, chea de castelanismos, cando a nosa foi a primeira tradución a outra lingua".

A escritora Rosa Aneiros confesa que cambiou de opinión sobre este tema logo de que lle publicaron Resistência en Dom Quixote. "Os portugueses son bastante cómodos e queren ler na súa lingua, mesmo hai atrancos para a distribución de libros editados en Brasil. E quitado algunhas excepcións, teñen moitísima menos percepción de Galicia ca de Madrid. Un grupo de poetas galegos participou nun encontro en Porto, e estiveron tres días Douro arriba, Douro abaixo, explicando de onde viñan. Homenaxeáronos na despedida tocándolle o himno español".